

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Un total de 16 roteiros

## "Por terras de..." lévanos a coñecer Galiza

A Asociación de Escritores en Lingua Galega conta coa participación de recoñecidos escritores para espallar o coñecemento do noso país.

Redacción - 14:19 11/01/2008

Un total de 16 roteiros está a preparar a Asociación de Escritores en Lingua Galega ([AELG](#)) en colaboración coa Dirección Xeral de [Turismo](#), para facilitar o coñecemento de todos os recunchos de Galiza. Baixo o título *Por terras de...* quedan recollidos os textos de recoñecidos escritores da nosa literatura, que colaboran neste proxecto aportando a parte textual.

Os 16 roteiros, que pretenden "espallar o coñecemento global do noso país", ten un carácter divulgativo e con vocación literaria, e rexistra os datos máis destacábeis de comarcas como a Terra Chá, a Terra de Bergantiños, Terras de Monforte, ou Terra do Caurel, entre outras.

Ademais destes libros, celebraranse tamén conferencias de escritores de prestixio internacional nas comarcas sobre as que versan os roteiros, e que buscan o obxectivo de dar pulo e fomentar o desenvolvemento do noso patrimonio turístico-cultural xeral e das comarcas, para potenciar a cultura galega alén das nosas fronteiras. Un total de 17 trípticos divulgativos completan o proxecto aportando datos significativos da historia, literatura e lingua galega, para a súa distribución.

### **Camiñando por terras de...**

Os dezaseis roteiros e os seus correspondentes autores son os seguintes:

O Ribeiro: Miguel Anxo Fernández

Baixo Miño: Marta Dacosta

Terra de Rosalía: Anxo Angueira

Terra Chá: Darío Xohán Cabana

Compostela: Marilar Aleixandre

A Coruña: Henrique Rabuñal

Ourense: Bieito Iglesias

Lugo: Isidro Novo

Vigo: Manuel Forcadela

A Terra do Medio: Xosé Vázquez Pintor

Eume: Eva Veiga

Ferrol: Ramón Loureiro

Fisterra-Costa da Morte: Modesto Fraga

Cambados: Ramón Caride

O corazón de Galiza: Xulio López Valcárcel.